

## ***Os xigantes de nunca acabar***

**Un relato musicado do proxecto  
“SON DE CONTOS”**

**UNIDADE DIDÁCTICA**

**Casiano Mouriño, Vicente Couceiro – Banda Municipal de Santiago de Compostela**

# ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	2
1.1. Contexto.....	2
1.2. Ficha artística.....	3
2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.....	4
3. COMPETENCIAS.....	5
4. CONTIDOS.....	5
4.1. Conceptos.....	5
4.2. Procedementos.....	6
4.3. Actitudes.....	6
5. RECURSOS.....	6
5.1. Materiais.....	6
5.2. Persoais docentes e non docentes.....	6
5.3. Organizativos temporais e espaciais.....	7
6. ESTRATEXIAS.....	7
7. METODOLOXÍA.....	8
8. ACTIVIDADES.....	8-9
9. AVALIACIÓN.....	9
10. ANEXOS.....	10
Anexo 1. Argumento.....	10-15
Anexo 2. Perxonaxes co instrumento que o representa e exemplo musical.....	16-18
Anexo 3. Unir perxonaxes co nome e instrumento que lle corresponde.....	19-20
Anexo 4. Encrucillado.....	21-22

## 1. INTRODUCCIÓN

### 1.1. Contexto.

Os xigantes de nunca acabar é o título dunha interesante e divertida novela da autoría dos escritores galegos Xoán Babarro e Ana M<sup>a</sup> Fernández dirixida ao público máis novo que foi publicada pola editorial SM en 1999. Posteriormente, foi seleccionada como un dos tres relatos que conforman o proxecto “Son de Contos”, ideado e impulsado polo musicólogo Vicente Couceiro, xuntamente con Un cesto cheo de misterios, de Fina Casalderrey, e A galiña, o lagarto e o burro, de Manuel Lourenzo González. Cabe dicir que a novela Os xigantes de nunca acabar, dada a súa longa extensión, precisou dunha adaptación a un formato máis reducido, adaptación na que se procurou que non se perdesen as esencias da trama, dos personaxes, dos escenarios, o estilo narrativo e o espírito xeral da obra. “Son de Contos” é un proxecto altamente ambicioso, e pioneiro en moitos sentidos, que reúne, en primeiro termo, dúas disciplinas artísticas: a literatura e a música. O seu cometido é seleccionar relatos infantís da rica literatura galega e compoñer música ex-profeso para acompañar e potenciar o seu recitado oral. O conxunto resultante desta colaboración entre diversas linguaxes artísticas pode ser considerado como pequenas óperas. A parte literaria, en principio escrita, pasa a converterse en oral a través dunha voz narradora. A música, prevista para piano ou para orquestra, inclúe o acompañamento á voz narradora e varias cancións que son interpretadas por un coro e voces solistas. A maiores, o proxecto pode atinxir tamén a outras disciplinas do ámbito teatral, como son a escenografía, o vestuario, a interpretación, a iluminación, coreografías, etc.

Para este trío de relatos, as pezas musicais, na súa versión para piano, foron compostas: para Os xigantes de nunca acabar, Carlos M. Cambeiro Alís; para Un cesto cheo de misterios, Julius Andrejevas; para A galiña, o lagarto e o burro, Fernando Ruibal Tilve. A translación das tres pezas a todos os instrumentos dunha orquestra foi obra do mestre Casiano Mouriño.

O conto Os xigantes de nunca acabar é un relato de inspiración tradicional no que, a través de divertidos personaxes e cunha trama sinxela de problema / solución do problema, se contrastan actitudes individuais egoístas e negativas fronte a valores positivos que defenden a vida en colectividade na xustiza e a paz. Aínda que a presente Unidade Didáctica se dedica en particular a esta peza, moitos dos seus elementos e actividades poden aplicarse por igual a calquera das outras dúas que conforman “Son de Contos”.

## 1.2. Ficha artística.

**Dirección musical:** Casiano Mouriño

**Narración:** Vicente Couceiro

**Texto:** (galego) Ana M<sup>a</sup> Fernández e Xoán Babarro.

**Música:** Carlos M. Cambeiro / Instrumentación para Banda Sinfónica de Casiano Mouriño.

**Intérprete:** Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela.

**Duración:** 50 - 60 minutos.

**Público:** (Familiar) especialmente alumnado de Primaria.

**Lugar:** Auditorio de Galicia (Sala Mozart), Santiago de Compostela.

Neste proxecto a **Banda Municipal de Música de Santiago** baixo a dirección de Casiano Mouriño, combina narración oral, música e literatura infantil galega, a través das distintas sonoridades da Banda. Coa narración de Vicente Couceiro, preséntase unha linguaxe literario-musical que nos introduce dunha maneira moi sinxela, divertida e educativa, nun mundo real de fantasía.

Unha proposta na que os instrumentos de vento dan vida aos distintos personaxes, na que iremos coñecendo e descubrindo as súas formas máis características, tanto morfolóxicas coma sonoras. Unha historia para coñecer máis de preto ás bandas de música como protagonistas sen perder a esencia dun conto musical.

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

### Os principais obxectivos didácticos son.

- ❖ Que os alumnos e as alumnas se interesen pola literatura galega, neste caso pola narrativa de ámbito infanto-xuvenil.
- ❖ Que se interesen pola música, neste caso pola música culta interpretada por unha banda de música.
- ❖ Que se interesen polas actividades escenográficas no seu conxunto.
- ❖ Que valoren o relato de inspiración tradicional, tan presente na nosa cultura popular.
- ❖ Que valoren as bandas de música como agrupacións musicais propias da tradición musical de Galiza.
- ❖ Que coñezan e recoñezan os instrumentos propios da banda de música dende o punto de vista morfolóxico e sonoro.
- ❖ Que se acostumen á utilización da lingua galega no ámbito da cultura e do entretemento, e, por extensión, na súa vida diaria.
- ❖ Que asimilen os valores éticos positivos presentes neste relato, como son a lealdade, a valentía, a xustiza, a igualdade, a paz, a convivencia, e que aprendan a rexeitar os negativos, como o egoísmo, a violencia, a inxustiza, a opresión.
- ❖ Que saiban enumerar as vantaxes da vida en comunidade.
- ❖ Que potencien as súas habilidades no uso da lingua para elaborar estratexias comunicativas en xeral e, en particular, nocións, razoamentos, argumentacións, explicacións, divertimentos, etc.
- ❖ Que comprendan o valor do xogo como representación da vida real.
- ❖ Que se habitúen a escoitar música culta como parte do seu desenvolvemento integral.
- ❖ Que valoren o esforzo creativo que implica a composición musical, a interpretación e a representación teatral.
- ❖ Que analicen o interese da narración oral e que a comparen coa escrita.
- ❖ Que desenvolvan a súa imaxinación concibindo as paisaxes e escenarios en que se desenvolven os sucesos narrados.
- ❖ Que se sintan a gusto compartindo coa colectividade de compañeiros e compañeiras un espectáculo preparado así mesmo por outra colectividade de persoas heteroxéneas reunidas arredor dun obxectivo común.

### **3. COMPETENCIAS**

#### **Serán competencias e habilidades a desenvolver.**

- ❖ Aprender a atender, entender e valorar a literatura, a música e o teatro.
- ❖ Desenvolver o respecto polas actividades artísticas e culturais en xeral.
- ❖ Apreciar o interese polo traballo que hai detrás destas producións escénicas e, por extensión, en todo o ámbito da cultura.
- ❖ Aprender a convivir e compartir no exercicio de actividades complexas.
- ❖ Aprender a aprender todo o relativo á música, á literatura e ao teatro, tanto no papel de espectador como no de creador.
- ❖ Desenvolver habilidades e estratexias narrativas que pode aplicar tanto á creación literaria como á comunicación non literaria no seu día a día.
- ❖ Forxar interese pola música desde o seu estadio máis primario de sons e ritmos básicos ata o máis elevado e complexo.
- ❖ Valorar as consecucións do traballo en equipo contrastándoo cos posibles logros individuais.
- ❖ Aplicar a multidisciplinaria a outros ámbitos da vida.
- ❖ Asumir os valores éticos, sociais e culturais que se presentan no espectáculo.

### **4. CONTIDOS**

#### **4.1. Conceptos.**

- ❖ Os valores xerais da literatura.
- ❖ Valores particulares da literatura popular.
- ❖ A transmisión cultural de xeración en xeración.
- ❖ A influencia desa transmisión cultural na forxa da idiosincrasia dun pobo.
- ❖ Necesidade de actividades de entretemento e ocio.
- ❖ A disciplina e a calidade lingüística.
- ❖ Os elementos da narración: personaxes, espazo, tempo, trama, estrutura...
- ❖ As calidades da música: ritmo, harmonía, tempo, execución...
- ❖ Presenza e necesidade da música na vida en xeral.
- ❖ Os valores éticos.
- ❖ A vida en sociedade.

## **4.2. Procedementos.**

- ❖ Asistencia e atención á representación da peza.
- ❖ Realización de actividades ao respecto.
- ❖ Debate programado para posta en común.

## **4.3. Actitudes.**

- ❖ Actitude positiva e vontade de aprender por parte do alumnado.
- ❖ Actitude de respecto cara ao traballo alleo no seu entretemento e beneficio formativo.
- ❖ Desexo de imitación na creación de obras artísticas literarias e/ou musicais.

## **5. RECURSOS**

### **5.1. Materiais.**

- ❖ Nunha actividade deste tipo, os recursos materiais redúcense á entrega de fotocopias que conteñan a parte escrita da peza (anexo 1) e, na medida en que sexa oportuno e factible, a musical (anexos 2, 3 e 4). Asemade, a presente Unidade Didáctica ofrece pautas de traballo para un mellor aproveitamento da actividade.
- ❖ Ademais do sinalado, todos aqueles materiais que se precisen para os exercicios que, desde o ámbito da escrita literaria, o cultivo da música e a representación teatral, se poidan realizar como actividades plásticas.

### **5.2. Persoais docentes e non docentes.**

- ❖ Recursos persoais docentes serán sobre todo os profesores/as das áreas de Lingua e Literatura e de Música, e en segunda instancia, de existir, as persoas que teñan que ver con actividades teatrais e actividades de educación plástica.
- ❖ Recursos persoais non docentes necesarios serán as persoas, dentro da plantilla do colexio ou fóra dela (conserxes, condutores de autobuses, persoal dedicado ás actividades extraescolares...) que realicen habitualmente traballo co alumnado.

### **5.3. Organizativos espaciais e temporais.**

- ❖ Espaciais, por un lado, o teatro ou lugar específico onde se asiste á escenificación do conto musicado. Por outro, a aula ou aulas nas que se prepara a asistencia, se programan as actividades correspondentes e, posteriormente, se realizan e se expoñen e comentan esas actividades. Finalmente, o lugar de traballo persoal de cada alumno.
- ❖ Temporais, o tempo de dedicación estimado para todo o exposto anteriormente, ao que hai que sumarlle o tempo da representación mais o do desprazamento e regreso ao centro escolar.

## **6. ESTRATEXIAS**

O primeiro, facilitar que todo o alumnado coñeza de antemán, a través de fotocopias e con algunha explicación por parte dos profesores, o texto da peza que se vai escenificar, incluídas as canción, e, na medida en que sexa posible e útil, a música que vai escoitar ou algún fragmentos.

Segundo, facer algunha lectura na aula para que se familiaricen co que van ver. Este punto debe facilitar que coñezan de antemán os textos das cancións, que non sempre son intelixibles no momento de ser cantados.

Terceiro, avisar convenientemente do tipo de espectáculo que se trata, tan diferente da maioría dos espectáculos que seguramente coñecerán a través dos medios televisivos ou de internet, a fin de que presten a debida atención, garden as formas e lle tiren o maior aproveitamento.

Cuarto, de regreso nas aulas, realizar comentarios orais e tamén escritos, a través dun esquema guiado de puntos concretos, para recoller opinións, puntos de vista, dúbidas, etc.

Quinto, no punto 8 propónse unha extensa serie de actividades concretas e viables nun centro de estudos relacionadas con todos os aspectos da obra comentada.



## 7. METODOLOXÍA

Todo este traballo farase en parte individualmente e outra parte en grupos pequenos.

Na organización dos grupos, sobre todo para as actividades mutidisciplinares, procurarase integrar alumnos con diferentes caracteres, habilidades, gustos, estratexias de traballo, etc., a fin de que aproveiten as súas diferenzas para complementárense na busca de obxectivos conxuntos.

Finalmente, unha posta en común dirixida polo profesorado.

## 8. ACTIVIDADES

**Ofrécese un abano amplo de actividades para escoller as máis axeitadas ao nivel escolar do alumnado e en función do tempo que se lle poida dedicar á actividade.**

- ✓ Saberías facer un resumo en poucas palabras do que se conta no relato?
- ✓ Vénche á cabeza algún outro relato similar?
- ✓ Neste relato expónse un problema e a súa solución. Cal é o problema e cal a solución? Ocorrénse outras posibles solucións?
- ✓ Cales son os personaxes principais da obra? Cales os secundarios?
- ✓ Identificaste máis con algún deles que cos outros?
- ✓ Poderíamos dicir que neste conto aparece a figura do superheroe? Explica a túa resposta. Se non tes claro o que é un superheroe, pregunta ou consulta en internet.
- ✓ Cita polo menos tres valores que se asocien aos distintos comportamentos dos personaxes.
- ✓ Cres que a música que acompaña ao relato é axeitada? Houbo algunha parte que che gustase máis ca outras?
- ✓ Coñeces outros casos de contos infantís musicados? Dinos o título e a autoría e fálanos del.
- ✓ Sabes de cancións que narren historias, sexan verdadeiras ou inventadas?
- ✓ Que contos coñeces que che gustaría que se musicasen? Por que?
- ✓ Tes en mente algunha música que che inspire algún conto?

- ✓ No texto do relato hai varios poemas axeitados ao canto. Escolle un e proba a inventarlle ti unha música. Podes contar con algún compañeiro/a que te acompañe con percusión ou calquera instrumento.
- ✓ Dentro dos tipos de poemas e cancións existentes, hai un que se chama “de repetición”, porque se repite o mesmo esquema dunha estrofa a outra. E hai outro chamado “de acumulación”, porque se xoga con elementos que se van sumando uns a outros. Localiza un exemplo de cada un no texto.
- ✓ Atreveríaste a compoñer algún deses poemas/cancións?
- ✓ Tamén atopamos moitos xogos de palabras, é dicir, casos nos que usamos as palabras sen moito sentido só para producir efectos sonoros e divertidos. Localiza tres destes xogos de palabras.
- ✓ O mesmo exercicio de antes: atreveríaste a crear algún xogo de palabras?
- ✓ No relato aparecen personaxe dos que acostumamos a chamar “normais” en canto ao seu físico, e outros que teñen a peculiaridade de seren xigantes ou ananos. Que opinas sobre as persoas que son distintas a nós? É dicir, persoas que son diferentes non só pola altura, senón pola cor da pel, o aspecto físico, a lingua que falan, a forma de vestir, os costumes...
- ✓ Debate sobre iso cos teus compañeiros e compañeiras.
- ✓ Explica como se altera a vida social, a paz e a igualdade entre a xente cando hai persoas que non respectan as normas de convivencia e queren facer sempre o seu capricho.
- ✓ Debuxa e pinta sobre un cartón o escenario onde transcorre esta historia: unha vila de poucas casas, cunha praciña no medio, e ao lonxe os tres altos montes nos que habitan os xigantes.
- ✓ Xúntate cuns amigos e probade a construír os personaxes principais con materiais de reciclaxe (cartóns, botellas de plástico, roupa vella, paus...).
- ✓ Se facedes ben estes personaxes, podeades representar a obra vós mesmos no escenario debuxado antes sobre cartón.
- ✓ Busca información sobre os autores do relato e mais da música e escríbea no teu caderno.

## 9. AVALIACIÓN

O profesorado decidirá, segundo as correspondentes programación e proxectos escolares, os modos de avaliar o traballo desenvolvido na presente actividade.

## 10. ANEXOS

### ANEXO 1.

❖ Argumento.

### **OS XIGANTES DE NUNCA ACABAR**

(Letra: Xoán Babarro e Ana M<sup>a</sup> Fernández)

PAÍS de Conto é unha terra de era e non era, que existe agora e que existiu noutrora e que pode estar dentro é fora.

En País de Conto vivían princesas, alcaldesas, xeados de framboesas..., comediantes, cantantes, tocadores de olifantes..., E TRES XIGANTES, SUPERTERRIBLES, SUPERLIANTES, SUPERXIGANTES.

Estes personaxes habitaban en cadansúa casa nas tres montañas máis altas do país e comunicábanse entre eles con acenos e ruídos estraños.

O primeiro era Poncho. Gustábanlle desde pequeniño as pedras: erguía paredes, tiraba coios a outros xigantiños e atrancaba con penedos os camiños. Pero cando foi maior, para presumir de forza, dedicábase a esmagar rochas duras coas mans coma se se tratase de fariña. Un bo día dixo: Desde agora chamareime Escacharrochas.

Todos me chaman xigante terrible, todos me alcuman "Feo Grandullón". Porque os penedos dos grandes picoutos, deixo pequenos igual ca un bombón. Xuro que esmago os outeiros máis altos, só con xuntar dous dediños da man. Tóda-las altas montañas que encontro, quedan baixiñas ó rente do chan.

O segundo era Pancho. De neno coidaba un rabaño de porcos e gustáballe moito brincar con eles agarrádoselles o rabo, facendo concursos de apañar belotas e xogando ás carreiras. Pero o malo foi cando descubriu o ben que sabían os animais asados. Nestas dixo un día: Desde hoxe chamareime Perseguerranchos.

"Perseguerrancho ferrancho, ferrancho" chámanme así porque son cazador. Non necesito cartuchos nin balas..., pois con mirarme... ai, que temor! Teño o bandullo de cote baleiro, róxenme as tripas con fame feroz; que se preparen os cochos do mundo que os vou a comer con pemento e arroz.

O terceiro era Pincho. Desde picariño devecía por meter todotipo de plantas na boca: leitugas, cenorias, cebolas... E fíxose vexetariano. Pero cando chegou a ser xigante coma un elefante, non había ensalada que o fartase, e empezou a devorar árbores, por teren estas máis follas cás leitugas. Daquela foi cando dixo: Desde este intre chamareime Machucaplantas.

Como me gusta a ensalada de millo! Como me gusta a leituga ó limón! Perdo o sentido por froitos e ramas! Soño de noite cun grande melón! "Machucachuca que chupa e rechupa" bérranme todos o verme lambar. Como me meta no medio dun prado..., non se me escapa, unha flor por placer.

Así que, en País de Conto, ó apareceren no alto das montañas os superliantes, non había quen se atrevese a andar polas rúas nin polos camiños.

Chegou un momento en que as cousas se complicaron. Na montaña de Escacharrochas xa non quedaba unha pedra enteira. E a casa do xigante empezaba a tambalearse.

Na montaña de Perseguerranchos reinaba un puro silencio, pois tódolos animais desaparecerán. E na montaña de Machucaplantas cada vez era máis grande o deserto. Desde os tres montes empezaron a espallarse, un pouquiñocada día, as manchas, que devoraban paseniñamente as pedras, os animais e as plantas. A totalidade dos habitantes de País de Conto, e, o primeiro de todos a alcaldesa Paz, puxéronse a cavilar nunha solución para librárense dos xigantes. E, para pensaren mellor e que ninguén os interrompese, cadaquen escolleu o sitio preferido: debaixo das escaleiras, metidos na cheminea, detrás das portas, nos currunchos dos faiados e tamén xogando con papaventos dourados.

Amigas e amigos, non perdan momento, que os tres badulaques vannos devorar. Mulleres e homes, neste parlamento, digamos as queixas, sen nada calar. Dos nosos domínios, por seren, os malos veciños imos expulsar.

Varas, axóuxeres, rabos de león, frutas, sombreiros, dentes de dragón, bolas, zapatos, pombas mesaxeiras, cornos, cabazas, plumas feiticeiras...

Para que ían querer en País de Conto tales mercadorías tendo o problema que tiñan? Así que, coa mesma, todos se dispuxeron a volver á cama para no andalo día enteiro con cara de sono.

De pronto volveron a escoitar:

Para princesas durmidas, desencantadores,  
para lagoas misteriosas, desatascadores,  
par xigantes enfurecidos, desenfadadores...

Entón si que se ergueron a toque de caixa para ver con calma os produtos milagrosos, e, o primeiro de todos, a alcaldesa Paz.

No centro da Praza Maior, á beira dun carriño coma de dexeados, estaba un anano do tamaño dun melón: sombreiriño de palla, pantalón de tirantes, calcetíns de raias, zapatos de pulga e un subote de árbitro colgado do pescozo. Paz tomou a palabra en representación dos veciños e preguntoulle: Quen es ti, que así nos falas? Eu son Trampolín, e veño doutro confín buscando en tódolos lares como alivia-los pesares. Terías algún remedio para vencer a tres xigantes superliantes? Teño menciñas para xigantes e para tunantes. Os veciños do País de Conto, e, o primeiro deles, a alcaldesa Paz, desconfiaron de que aquel homiño

puidese enfrentarse a os tres xigantóns xigantes. Pero como outra solución non tiñan e o problema era cada vez máis... xigante, decidiron contrataloe pagarlle con parte do tesouro de Alí Babá se chegaba a rematar felizmente a empresa de acabar coa Praga dos xigantes.

Ó día seguinte, antes de que Poncho Escacharrochas empezase a prepara-lo almorzó na súa casa, oíuse moi de cerca a voz do ananiño, que ata a montaña se achegara:

Bigotes para xigantes,  
trompas novas para elefantes,  
cancións modernas para cantantes...

Entón renxu aló no alto a ventá e apareceu unha enorme carauta que berrou: Ti, miserable rato, como ousas molestarme con esas lérias, se sabes que te podo esmagar como a un carolode terra en menos que abres e cerras un ollo? Pero a ananiño, sen necesidade de tapa-los oídos cos berros de Escacha, contestoulle tan tranquilo: Ti, que tanto sabes xigantear e esmagar, a que non sábe-lo conto de sempre empezar? Tal foi a sorpresa do xigante, ante a pregunta do vendedor, que quedou coa boca aberta. E cando quixo seguir preguntando, xa Trampolín estaba marchando montaña abaixo e berrándolle de lonxe:

Abur, Poncho!

Se queres de veras xigantear,terás que deixar de escachar e na Praza Maior á medianoite estar. Estaba sendo a hora do xantar cando a Pancho Perseguerranchos lle tocou senti-la voz miudiña de Trampolín desde a cociña:

Bigotes para xigantes,  
trompas novas para elefantes,  
cancións modernas para cantantes...

Ó momento saíu pola cheminea unha cabeza enfeluxada que berrou de mala maneira: Ti, miserable saltón, como ousas molestarme con esas lérias, se sabes que te podo asar como a un chourizo antes de dicires ai!? Pero o ananiño, sen necesidade de se acochar dos berros, contestoulle tan campante: Ti, que tanto queres asar e fritir, a que non sábe-lo conto de sempre seguir? Tan aparrulado quedou Persegue ante a pregunta, queabriu unha boca de dúas cuartas. E cando quixo falar, xa Trampolín estaba a marchar:

Abur, Pancho!

Se queres de xigante presumir,terás que deixar de perseguir e á Praza Maior á medianoite acudir. Estaba caendo a hora da cea e Pincho Machucaplantas lavaba unha e outra vez as árborespara a súa ensalada descomunal, cando oíu a voz pequeniña de Trampolín:

Bigotes para xigantes,  
trompas novas para elefantes,  
cancións modernas para cantantes...

Entón, asomouse pola porta traseira unha enorme cabeza verdosa berrando: Ti, pulga picante, como ousas molestarme con esas lérias, se sabes que te podo adobar con sal e vinagrenunha ensalada, antes de dicires nada de nada? Ti, que tanto sabes adobar e reverdexar, a que non sábe-lo conto de nunca acabar? Tal foi o apampamento de Machuca ante o homiño dos tirantes que se lle entumeceu a boca. E cando quixo seguir falando, xa Trampolín estaba escapando e acenando coa man:

Abur, Pincho!

Se queres de xigante campar,terás que deixar de machucare na Praza Maior á medianoite estar.

Moito antes de toca-lo reloxo as doce da noite, alí estaban os tres coma tres farolas, mirándose de esguello con cara de poucos amigos e ceibando de vez en cando unha pequena rosmaleda un cara ós outros dos. Nin cans nin gatos se atrevían a pasear por elas desde que souberan que ían ví-los tres grandullóns.

En tódalas casas apagaran luces e televisores, e, a primeira delas, a alcaldesa Paz; pero controlaban polas físgoas, escondidos detrás das portas e as ventás, cada movemento dos xigantes. De pronto, apareceu no medio da praza o homiño de grandura de melón. Os xigántes mirábano desde o alto coma se fose unha pulguiña pequena e esperaban ansiosos o conto prometido. Como non me guste, transfórmote en canica de goá –dixo Poncho. Pois eu..., frítote sen aceite - asegundou Pancho. Pois eu..., métote en conserva na botella de vinagre - terciou Pincho. Pero Trampolín, sen medo ningún, contestoulles sosegadamente: Vós pensades que sóde-los máis poderosos, pero en País de Conto existen poderes quevos están vedados por sérde-los máis malvados. Entón o ananiño, sen prestar atención ás caras de dúbida dos tres colosos empezou acontar:

Polo monte abaixo, polo monte arriba, coas patañas cansas vai unha formiga cun saquiño ó lombode fariña triga. Polo monte abaixo, polo monte arriba, coas patañas cansas van dúas formigas cun saquiño ó lombode fariña triga. Polo monte abaixo, polo monte arriba, coas patañas cansas van tres formigas cun saquiño ó lombode fariña triga. Polo monte abaixo, polo monte arriba, coas patañas cansas van catro formigas cun saquiño ó lombode fariña triga. Polo monte abaixo, polo monte arriba, coas patañas cansas van cinco formigas cun saquiño ó lombode fariña triga. Polo monte abaixo, polo monte arriba...

Trampolín, por cada formiga que contaba, medraba un metro. E cando empezaba asobrepassa-la estatura de Pancho, Poncho e Pincho, berraron estes sobresaltados:

Para-para-para-para-para-para...!

Entón, o homiño que media cinco metros e mais un melón díxolles: Estes poderes teredes cando contos sen final contedes. Os tres, que estaban ansiosos por medrar cinco, dez, vinte, corenta, oitenta... metros, empezaron de pronto a

contar formigas. Pero Trampolín aclaroulles: Ese é o conto de nunca acabar dos ananos. Agora debemos recita-lo de nunca acabar dos xigantes. Entón, o ananazo, que medía cinco metros e mais un melón, empezou a contar. E os outros tres aprenderon de contado a letra para acompañalo:

Había unha vez un rei mentirán que tiña tres fillas metidas nun pan: a unha comía, a outra amasaba e a máis pequeniña un conto contaba de había unha vez un rei mentirán que tiña tres fillas metidas nun pan: a unha comía, a outra amasaba e a máis pequeniña un conto contaba de había unha vez un rei mentirán que tiña tres fillas metidas nun pan: a unha comía, a outra amasaba e a máis pequeniña un conto contaba de había unha vez...

Pero por cada volta que daban, no canto medraren, ían perdendo una cuarta de altura.

Os xigantes, que o estaban pasando de maravilla, non apreciaban tal cousa. E cando xa se cansaran de mete-las tres fillas no pan, os recitadores da praza tiñan a estatura de catro melonciños. A xente que estaba detrás de portas e ventas, e, a primeira delas, a alcaldesa Paz, non podía cre-lo que estaba vendo: os tres xigantes ananzados e rendidos de contar e contar. Moita pena lles veu a Poncho, Pancho e Pincho ó se daren conta do que pasara:

Ai, que me vai esmagar unha area!

Ai, que me vai comer unha rata!

Ai, que me vai tragar un repolo!

Nestas, coma se o medo escapase para outras terras, xa a praza estaba chea de nenos e grandes. Pero, ante os saloucos dos xigantiños, ninguén se atrevía a dar vivas nin aplausos. Pola contra, todos se contaxiaron da pena e incluso pensaban que País de Conto endexamais volvería se-lo que fora sen os habitantes das tres montañas máis altas. Ante tal desolación, dixo Trampolín: Aínda nos queda unha solución: o conto que devolve a ilusión. E coa mesma, despois de formaren unha roda entre todos collidos das mans, empezou coa historia que faltaba:

Unha rica aldea de manteiga e pan ten sete casiñas para sete irmáns:

Luns convida a queixo, Martes a mazá, Mércores a leite, Xoves a abelá, Venres a sardiña, Sábado a soá, Domingo a pasteis para celebrar que unha rica aldeade manteiga e pan ten sete casiñas para sete irmáns: Luns convida a queixo, Martes a mazá, Mércores a leite, Xoves a abelá, Venres a sardiña, Sábado a soá, Domingo a pasteis para celebrar que unha rica aldeade manteiga e pan ten sete casiñas para sete irmáns: Luns convida a queixo, Martes a mazá, Mércores a leite, Xoves a abelá, Venres a sardiña, Sábado a soá, Domingo a pasteis para celebrar que unha rica aldea...

Segundo ían cantando á roda, os xigantes recuperaban os tamaños de seu; pero estrañamente non se sentían con desexos de esmagar rochas, perseguir ranchos

ou devorar árbores. Todo o contrario, considerábanse superamigos dos veciños, dos animais, das plantas e das terras. Porque, segundo ben explicou o melonciño, a última historia tiña a propiedade de transformar en pacíficos os habitantes máis rabisacos do lugar.

E como agora xa non lles valían de nada os nomes que se puxeran, decidiron chamarse definitivamente PLANTAPLANTAS RESCATARRANCHOS e PULEPENEDOS.

Iso fixo moi felices a todos os habitantes de País de Conto, e, o primeiro de todos, á alcaldesa Paz. E desde ese día contaban e contaban bonitos contos que nunca acababan.

Porque en País de Conto vivían princesas, alcaldesas, xeados de framboesas..., comediantes, cantantes, tocadores de olifantes..., E TRES XIGANTES, SUPERTERRIBLES, SUPERLIANTES, SUPERXIGANTES.



ANEXO 2.

- ❖ Personaxes co instrumento que o representa e exemplo musical.



**Poncho** (O escacharrouchas)



**Trombón**

**Allegro**

To - dos me cha - man xi - gan - te te - rri - ble, to - dos me al - cu - man  
"Fe - o Gran - du - llón". Por - que os pe - ne - dos dos gran - des pi -  
cou - tos, dei - xa - no pe - que - no i - gual ca un bom - bón.



**Pancho** (O perseguerranchos)



**Tuba**

**Allegro**

Per se - gue - rran - cho - fe - rran - cho - fe - rran - cho — chá - man - me a - sí por - que son ca - za - dor —  
— Non ne - ce - si - to car - tu - chos nin ba - las..., — pois con mi - rar - me — ¡aí, que te - mor!



*Pincho (O machucaplantas)*



*Bombardino*

**Allegro**

Co - mo me gus - ta en - sa - la - da de mi - llo! Co - mo me gus ta a lei - tu - ga ó li - món!

*mf*

Per - do o sen - ti - do por froi - tos e ra - mas! So - ño de noi - te cun gran - de me - lón!



*A alcaldesa Paz*



*Trompeta*

**Andante**

A - mi - gas e a - mi - gos, non per - dan mo - men - to, que os tres ba - du -

la - ques van - nos de - vo - rar. Mu - lle - res e ho - mes, nes - te par - la -

men - to, di - ga - mos as quei - xas, sen na - da ca - lar, sen na - da ca - lar.



Trampolín



Trompeta Piccolo

### Canción 1

**Allegro Moderato**

Va - ras a-xóu-xe-res, ra-bos de le-ón frau-tas, som-brei-ros, den-tes de dra-gón,  
 bó - las, za - pa - tos, pom-bas men-sa-xei-ras, cor-nos, ca-ba-zas, plu-mas fei-ti-cei-ras...

### Canción 2

**Allegro**

Pa-ra prin-ce-sas dur-mi-das, de-sen-can-ta-do-res, pa-ra la-goas mis-te-rio-sas,  
 de-sa-tas-ca-do-res pa-ra xi-gan-tes en-fu-re-ci-dos, de-sen-fa-da-do-res.

### Canción 3

**Andante**

Bi-go-tes pa-ra xi-gan-tes trom-pas no-vas pa-ra e-le-fan-tes can-cións mo-der-nas pa-ra can-tan-tes...

ANEXO 3.

❖ Une cada perxonaxe co seu nome:



**Pancho**  
"O persegueranchos"



**Poncho**  
"O escacharrochas"




**Trampolín**



**Pincho**  
"O machucaplantas"

**A alcaldesa PAZ**






❖ Une cada perxonaxe co instrumento que lle corresponde:



**Poncho** (O escacharrouchas)



**Tuba**



**Pincho** (O machucaplantas)



**Trombón**



**A alcaldesa Paz**



**Bombardino**



**Trampolín**



**Trompeta**




**Pancho** (O perseguerranchos)



**Trompeta Piccolo**

#### ANEXO 4.

- ❖ Resolva o seguinte encrucillado cos instrumentos musicais que aparecen en “Os xigantes de nunca acabar”.



SOLUCIÓN (anexo 4).

